

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

RESOLUCIÓN do 14 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación no Diario Oficial de Galicia do Acordo marco galego do sector do transporte de viaxeiros por estrada.

Visto o Acordo marco galego do sector de transporte de viaxeiros por estrada, subscrito entre a representación empresarial conformada por Transgacar, Anetra, Fegabus e Fegatravi e as organizacións sindicais UGT, CC.OO. e CIG, o 2 de agosto de 2017, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Esta Secretaría Xeral de Emprego

ACORDA

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017

Covadonga Toca Carús
Secretaría xeral de Emprego

Acordo marco galego do sector do transporte de viaxeiros por estrada

En Santiago de Compostela, ás 10.30 horas do día 2 de agosto de 2017, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnese a Mesa galega do sector de transporte de viaxeiros por estrada, integrada polas persoas que a continuación se sinalan,

Representación empresarial:

Leandro Arruti Baqueiro (Transgacar)

José Carlos García Cumplido (Transgacar)



Jesús Lurigados Veiga (Anetra)
Manuel Maneiro López (Anetra)
Eugenio Geijo Carril (Fegabus)
Javier de Bidegaín García (Fegatravi)
Fernando Míguez Rey (Fegatravi)

Representación sindical:

Beatriz Meilán del Río (UGT)
Martín Martínez Figueiro (UGT)
Miguel A. Reboiras Casais (UGT)
Ramón Martínez Vede (UGT)
Marcos Pérez Rodríguez (CC.OO.)
Juan Pereira Miramontes (CC.OO.)
Amador González Pumar (CC.OO.)
Benigno Caride Táboas (CC.OO.)
Xesús María Pastoriza Santamarina (CIG)
Silverio Antela Alfaya (CIG)
Serafín Santos Villaverde (CIG)
Manuel J. Iglesias López (CIG)

Coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, representado por Verónica Martínez Barbero, presidenta deste, e Celso Araújo Castro, xefe do Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios.

A Mesa galega de transporte de viaxeiros por estrada acada os seguintes acordos:

Primeiro. *Pacto de subrogación*

Artigo 1. *Vixencia e denuncia*

O presente acordo terá unha duración temporal de dous anos, desde o 1 de xaneiro de 2017 ao 31 de decembro de 2018, e prorrogarase anualmente salvo que curse denuncia, por escrito, calquera das partes con dous meses de aviso previo. Unha vez denunciado o acordo, estará vixente integramente ata que sexa substituído por outro novo.



Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

O presente acordo será de aplicación para todas as empresas e traballadores do sector do transporte de viaxeiros en autobús por estrada da Comunidade Autónoma de Galicia e, en todo caso, a todas as empresas e traballadores afectados polos convenios colectivos sectoriais dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. *Subrogación do persoal*

1º. O previsto no presente artigo será de aplicación aos servizos de transporte regular permanente ou temporal de uso xeral, urbano ou interurbano, regular de uso especial de viaxeiros por estrada con vehículos de tracción mecánica de máis de nove prazas, incluída a de condutor, e de estacións de autobuses, prestados en réxime de contrato de xestión de servizo público ou por calquera das fórmulas de xestión indirecta de servizos públicos recollidas na Lei de contratos do sector público. E todo iso con independencia de que a empresa que preste ou vaia prestar este tipo de servizos se dedique a outra actividade de transporte, da industria ou dos servizos.

O disposto no presente acordo non prexulga a aplicación, cando cumpra, do regulado no artigo 44 do Estatuto dos traballadores no relativo á sucesión de empresas.

2º. O disposto neste acordo no relativo á sucesión e subrogación empresarial non será de aplicación nos supostos en que a empresa saínte teña o carácter de Administración pública, estatal, autonómica, local ou institucional, nin cando se trate de empresas, entes ou organismos públicos dependentes de calquera das administracións anteriormente citadas, salvo que as súas relacións laborais sexan reguladas polos acordos colectivos territoriais e/ou autonómicos do ámbito funcional do presente acordo.

3º. O presente título ten como finalidade regular a situación dos contratos de traballo dos empregados de empresas prestameiras saíntes adscritos a este tipo de transporte de viaxeiros que finalicen por transcurso do seu prazo de outorgamento, ou por calquera outra causa, e sexan obxecto dun novo procedemento de selección dun novo prestameiro do servizo (empresa entrante). O regulado no presente acordo será de aplicación igualmente nos supostos en que o servizo de transporte obxecto de licitación fose reordenado, unificado, modificado ou lle dese outra denominación a Administración titular.

4º. Para os efectos do presente artigo considérase condutor/a adscrito/a todo aquel/aquela, que realice o seu traballo de forma habitual nas rutas do servizo regular permanen-



te ou temporal de uso xeral, urbano ou interurbano, de uso especial afectado. Non perde esta consideración o condutor/a que puntualmente poida prestar servizos de transporte diferentes a aquel a que se encontre adscrito, sempre que en termos de xornada anual, estes últimos servizos non superen o 20 % da xornada máxima ordinaria prevista no acordo colectivo, para o período avaliado, considerada proporcionalmente nos supostos de contratos a tempo parcial, nos últimos seis meses efectivamente traballados inmediatamente anteriores á data de vencemento da concesión.

5º. En relación co resto do persoal (despachadores de billetes, talleres, administración, xestión, explotación, loxística e demais departamentos ou seccións) pertencente a outras categorías ou grupos profesionais, consideraranse adscritos ao servizo, e por iso suxeitos a subrogación, aqueles empregados que desenvolvan a súa actividade, aínda que sexa en parte, no servizo afectado.

6º. En canto a dereitos de información e consultas, as empresas estarán obrigadas a entregar aos seus representantes sindicais documentación acreditativa dos traballadores e traballadoras adscritas en cada momento, a cada un dos contratos públicos que teñan adxudicadas, descritos nos números 4º e 5º anteriores. En ausencia de representación sindical, será entregado a cada traballador da empresa ao cal se lle comunique de maneira fidedigna a dita adscrición. Así mesmo, en ausencia de representación sindical nas empresas, darase traslado á comisión paritaria deste acordo da información facilitada ao Ministerio ou Administración correspondente para efectos de dotación de persoal adscrito ao contrato público, no momento en que sexa solicitada por este. Nos ámbitos sectoriais inferiores poderanse regular e exixir estes mesmos procesos ou obrigación de información e consulta.

3.1. Vinculación.

As disposicións recollidas nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas, xurídicas, técnicas e económicas que disciplinen os correspondentes procedementos concursais, polo seu carácter de normas de contratación administrativas (e aínda que recollen previsións no relativo ao réxime de subrogación do persoal), non afectarán nin restrinxirán a eficacia e carácter vinculante do regulado no presente acordo. Se nos devanditos pregos non se recolle cláusula nin disposición relativa á subrogación nos contratos de traballo dos empregados da empresa saínte, ou se establece a non aplicación para determinados colectivos, –ou non se fai referencia a eles ou non se mencionan–, ou establecen



un número de traballadores inferior aos adscritos por aplicación do presente acordo, será igualmente vinculante en toda a súa integridade o previsto no presente acordo, pola súa natureza vinculante na orde laboral, e para os traballadores afectados pola subrogación. Tanto nun coma noutro caso, a subrogación terá carácter obrigatorio para as empresas e os traballadores afectados nos termos que se establezan nos mencionados pregos e no presente acordo, excepto resolución xudicial pola que se demostre dolo, mala fe ou unha práctica irregular na adscrición de traballadores ao contrato suxeito a cambio de operador. Para os efectos do presente artigo entenderase como «práctica irregular na adscrición» o feito de que un traballador, estando adscrito a un servizo determinado (todo iso nos termos definidos no artigo 44.4º), non sexa considerado tal ou se adscriba a un servizo diferente.

3.2. Antigüidade.

a) Cando se produza a sucesión dun novo operador de transporte por finalización, calquera que sexa a causa, do servizo de transporte regular permanente ou temporal de uso xeral (urbano ou interurbano), uso especial, ou estación de autobuses, producirase a subrogación pola empresa entrante nos contratos de traballo dos empregados adscritos ao servizo, que acrediten polo menos seis meses de antigüidade no contrato da empresa saínte, e o prazo computarase na data de finalización da vixencia da concesión anterior, todo iso nos termos previstos no artigo 44 do Estatuto dos traballadores e de conformidade co regulado nos artigos seguintes, e con independencia de que o operador entrante reciba ou non os medios materiais e instalacións utilizados polo operador saínte. O servizo de transporte regular permanente de uso xeral (urbano ou interurbano), de uso especial ou temporal, considerarase como unidade produtiva e económica con entidade e autonomía propias para os efectos previstos no artigo 44.2 do Estatuto dos traballadores.

b) Non se aplicará o período de seis meses de antigüidade –e por iso quedarán afectados pola subrogación– aos traballadores da empresa saínte vinculados con contratos de substitución por xubilacións parciais, nin aos vinculados con contratos de interinidade subscritos para substituír traballadores en baixa/permiso por maternidade/paternidade, incapacidades temporais, nin a aqueles que se incorporasen para substituír baixas voluntarias, xubilacións totais, excedencias voluntarias, suspensións do contrato con reserva do posto de traballo, incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou por falecemento dun traballador.

c) Tampouco operará o límite temporal dos seis meses –e por iso quedarán afectados pola subrogación– aqueles traballadores que se incorporaron ao servizo afectado no lap-



sus temporal comprendido entre o vencemento do anterior contrato e o inicio efectivo do seguinte, sempre que concorran de forma acumulada as seguintes circunstancias:

- Que o traballador pertenza ao mesmo grupo profesional, coa mesma ou menor antigüidade media que os restantes traballadores obxecto de subrogación do seu mesmo grupo, e o custo empresarial do traballador, en termos de xornadas equivalentes, sexa semellante ao destes últimos.

- Que o traballador, polo menos, teña unha antigüidade de dous meses inmediatamente anteriores ao inicio efectivo da prestación do servizo por parte do novo operador. Esta antigüidade mínima tampouco será exixible nos casos establecidos na letra B) anterior.

- Que se manteña constante o número total de traballadores do mesmo grupo existentes no momento do vencemento do contrato, medidos en termos de xornada, no servizo.

d) A natureza temporal, de ser o caso, dos contratos, determinada pola causa que os orixinou, non se desvirtuará polo feito de que opere a subrogación, polo que se extinguirán na data pactada neles.

3.3. Obrigacións da empresa saínte.

Sen perxucio do dereito á subrogación dos traballadores e da obrigación de subrogación nos contratos de traballo recollida neste acordo, a empresa saínte, nos cinco días seguintes á adxudicación do servizo, subministrará á empresa entrante, en papel e en soporte informático, a seguinte documentación e información:

- Unha relación de traballadores obxecto de subrogación, con copia dos seus contratos de traballo, as seis últimas nóminas devindicadas e copia das condicións ou pactos existentes con cada un deles, de existir.

- De igual forma, entregará información do salario bruto anual, categoría, posto de traballo e grupo profesional de cada un deles, diferenciando por conceptos, tipo de contrato, antigüidade, data de obtención ou renovación do CAP, cando sexa de aplicación.

- Copia da comunicación entregada á representación dos traballadores da empresa saínte, co xustificante de recepción, sobre a adxudicación do servizo, que exprese co debido detalle a identidade do novo adxudicatario, identidade dos traballadores obxecto de



subrogación e pactos escritos ou non escritos, individuais ou colectivos, existentes e comunicados á empresa entrante.

– A empresa entrante non será responsable nin asumirá as condicións laborais non reflectidas en acordos ou pactos colectivos ou individuais que non lle fosen comunicados pola empresa saínte nos termos establecidos no punto anterior, ou non se atopen incluídos no expediente administrativo de contratación. Quedarán en todo caso a salvo os dereitos e as accións extraxudiciais ou xudiciais que puidesen asistir, tanto as traballadores como á empresa entrante, por causa da defectuosa ou inexacta información e documentación achegada pola empresa saínte.

As previsións contidas no presente artigo aplícanse e son de obrigatoria observancia, exclusivamente, para as empresas saínte e entrante, e en ningún modo prexudicarán os dereitos e accións que a cada traballador, individualmente, asistan para reivindicar as súas condicións laborais, xa sexan económicas ou doutra índole.

A empresa saínte, neste trámite de información e entrega de documentación, axustarase á subministrada no expediente de licitación á Administración contratante. Se nos pregos ou no procedemento de licitación non se recolle cláusula nin disposición relativa á subrogación nos contratos de traballo dos empregados da empresa saínte, ou se establece a non aplicación para determinados colectivos, –ou non se fai referencia a iso ou non se mencionan–, ou establecesen un número de traballadores inferior aos adscritos por aplicación do presente acordo, será igualmente vinculante en toda a súa integridade o previsto no presente acordo colectivo e para os traballadores afectados pola subrogación, enténdose por tales nese caso os traballadores definidos no artigo 2.

3.4. Obrigações da empresa entrante.

A empresa entrante cursará a alta na Seguridade Social dos traballadores obxecto de subrogación, con efectos desde o mesmo día en que inicie de forma efectiva a prestación do servizo de que resulte adxudicataria. De ser necesaria a realización de procesos de formación ou reciclaxe para a adaptación dos traballadores subrogados aos novos sistemas de organización do servizo ou do uso dos vehículos, corresponderalle á empresa entrante.

3.5. Efectos da subrogación.

A subrogación contractual producirá efectos no ámbito laboral (obrigacións económicas e de Seguridade Social), para a empresa saínte, no día en que cese de prestar efectiva-



mente o servizo e, para a empresa entrante, o día de inicio da prestación efectiva do servizo (ou na data da acta de inauguración do servizo levantada pola Administración concedente, de existir). Todas as obrigacións de natureza económica, sexan salariais ou extrasalariais, e de Seguridade Social, relativas aos traballadores afectados pola subrogación, serán por conta da empresa saínte ou da empresa entrante, ata e a partir das datas indicadas no presente artigo. Se os tribunais, de calquera orde, establecen en sentenza firme outro momento temporal para imputar as correspondentes obrigacións a unha ou outra empresa, observarase ao indicado nela, sen prexuízo do dereito de repetición que poida asistir a calquera delas con base nos momentos temporais aquí pactados.

Segundo. Incrementos salariais

Os incrementos salariais pactados nas mesas delegadas provinciais son os seguintes:

– A Coruña: o incremento salarial para os anos 2016 e 2017 será do 2,6 % con aplicación a todos os conceptos retributivos, con efectos do 1 de agosto de 2017, e mais un 0,4 %, con aplicación a todos os conceptos retributivos, con efectos do 31 de decembro de 2017.

– Lugo: o incremento salarial para os anos 2016 e 2017 será do 2,6 % con aplicación a todos os conceptos retributivos, con efectos retroactivos do 1 de xullo de 2017.

– Ourense: o incremento salarial será do 2,6 % con aplicación a todos os conceptos retributivos, con efectos retroactivos do 1 de xullo de 2017.

– Pontevedra: o incremento salarial será dun 3,8 % con aplicación a todos os conceptos retributivos, con efectos retroactivos do 1 de xullo de 2017.

As táboas salariais provinciais, debidamente actualizadas e asinadas polos membros desta Mesa galega, deberán remitirse para publicarse como parte do Acordo marco galego. A realización dos trámites de rexistro, depósito e publicidade ante a autoridade laboral deléganse en Ignacio Bouzada Gil, funcionario do Consello Galego de Relacións Laborais.

As centrais sindicais manifestan que a ratificación polas asembleas de traballadores e traballadoras que terán lugar hoxe, suporá:

1. A ratificación dos acordos de cada unha das mesas delegadas provinciais, e
2. A desconvocatoria definitiva da folga de ámbito galego iniciada o día 20.6.2017.



O que asinan as partes, no lugar e data enriba sinalados, ás 19.00 horas, en proba de conformidade.

Acta de sinatura das táboas salariais do Convenio colectivo de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña

Na Coruña, sendo as 17.00 horas do día 26 de setembro de 2017, reúnense nos locais de CC.OO. as persoas relacionadas a continuación para asinar as táboas salariais para o ano 2017, do Convenio colectivo de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña.

– Pola parte patronal:

Jesús Lurigados Veiga, Anetra
J. Miguel Sande Silva, Transgacar
Fátima Valiño Rodríguez, Fegatravi
Eugenio Geijo Carril, Transviac

– Pola parte social:

Manuel José Castiñeiras Calviño, UGT
Rodrigo Patiño Gago, UGT
José A. López Ferreiro, UGT
Ramón Martínez Vede, UGT
Miguel A. Reboiras Casais, UGT
José Luis Corral Mosquera, CIG
Celestino Rivas Prieto, CIG
Manuel J. Iglesias López, CIG
Xesús Má Pastoriza Santamarina, CIG
Pedro Beade Roel, CC.OO.
Eduardo Freire Pousa, CC.OO.

Acordos:

– Unha suba salarial do 2,6 %, con carácter retroactivo desde o día 1 de agosto de 2017.

– Estes novos salarios actualizaranse cunha suba do 0,4 %, con data do 31 de decembro de 2017.



– Autorizar o persoal do Consello Galego de Relacións Laborais para o seu rexistro e publicación.

Sen máis asuntos que tratar, ás 18.00 horas, dáse por rematada a xuntanza.

Viaxeiros Coruña-Táboas 2016 e 2017

Subida 2,6 % do 1 de agosto ao 31 de decembro de 2017

Subida 0,4 % desde o 31 de decembro de 2017 (actualización definitiva 2017)

		1 ago. a 31 dec. 2017/act. a 31 de dec.	
		Salario base	Salario
Grupo I	Enxeñeiros e licenciados	1.199,87 €	1.204,67 €
	Enxeñeiros téc. e aux.	1.035,26 €	1.039,41 €
	ATS	1.006,20 €	1.010,22 €
	Inspector principal	1.177,87 €	1.182,58 €
	X. tráfico 1ª	1.019,84 €	1.023,92 €
	X. tráfico 2ª	1.019,84 €	1.023,92 €
	X. tráfico 3ª	1.019,84 €	1.023,92 €
	X. Sección	1.065,31 €	1.069,57 €
	X. Negociado	1.031,28 €	1.035,41 €
	X. Admón. 1ª	1.099,87 €	1.104,27 €
	X. Admón. 2ª	1.017,44 €	1.021,51 €
	Encargado	1.006,56 €	1.010,58 €
	X. servizos	1.273,31 €	1.278,40 €
	X. taller	1.138,90 €	1.143,46 €
Grupo II	Inspector (salario diario)	32,34 €	32,47 €
	Condutor-perceptor (salario diario)	31,89 €	32,02 €
	Condutor (salario diario)	31,49 €	31,61 €
Grupo III	Cobrador (salario diario)	30,92 €	31,05 €
	Vendedor de billetes	925,97 €	929,67 €
	Oficial 1ª Admón.	979,61 €	983,53 €
	Oficial 2ª Admón.	979,61 €	983,53 €
	Auxiliar Admón.	911,27 €	914,92 €
	Factores	925,97 €	929,67 €



		1 ago. a 31 dec. 2017/act. a 31 de dec.	
		Salario base	Salario
Grupo IV	X. de equipo (salario diario)	32,35 €	32,48 €
	Oficial 1ª taller (salario diario)	31,95 €	32,08 €
	Oficial 2ª-3ª taller (salario diario)	30,92 €	31,05 €
	Engraxador-lavacoques (salario diario)	30,92 €	31,05 €
	Mozo (salario diario)	30,46 €	30,58 €
	Repartidor (salario diario)	30,46 €	30,58 €
Grupo V	Garda noite/día (salario diario)	30,46 €	30,58 €
	Acompañante ruta/escolar (salario diario)	30,46 €	30,58 €
	Limpador/a (salario por hora)	3,42 €	3,43 €
Outros conceptos	Complemento convenio/ano	776,12 €	779,22 €
	Complemento convenio/mes	64,68 €	64,94 €
	Complemento consolidado	0,96 €	0,96 €
	Complemento actividades complementarias	87,65 €	88,00 €
	Quebrantamento moeda	33,28 €	33,41 €
	Complemento compensación	76,38 €	76,69 €
	Axuda de custo completa Galicia	40,45 €	40,61 €
	Media axuda de custo Galicia	13,48 €	13,54 €
	Axuda de custo completa fóra de Galicia	51,03 €	51,23 €
	Media axuda de custo fóra de Galicia	17,01 €	17,08 €
	Axuda de custo espera art. 15	2,10 €	2,11 €
	Interrupción xornada	2,55 €	2,56 €

Acta de aprobación e sinatura das táboas salariais correspondentes aos anos 2016 e 2017, do Convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Lugo

Nos locais da Asociación Provincial de Empresas de Transporte de Viaxeiros por Estrada da provincia de Lugo, sitos na Estación de Autobuses de Lugo, reúnen-se as persoas que a continuación se relacionan, en representación das centrais sindicais máis represen-



tativas UGT, CC.OO. e CIG e da Asociación de Empresarios, ás 17.00 horas do día 10 de outubro de 2017,

Representación sindical:

- Eladio Romero Ares UGT
- Marcos Pérez Rodríguez CC.OO.
- Christian López Carmona CIG

Representación empresarial:

- Luis Abeledo Fernández
- Carmen Cayuela López
- Antonio López Rodríguez

Orde do día: aprobación e sinatura das táboas salariais correspondentes aos anos 2016 e 2017, do Convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Lugo.

Derivado do Acordo marco galego, asinado con data do 2 de agosto de 2017, polo cen por cen das asociacións patronais e sindicais máis representativas a nivel galego no referente ás actualizacións salariais nas catro provincias galegas, cómpre cumprir co acordo respecto á provincia de Lugo, isto é, elaborar as táboas salariais correspondentes aos anos 2016 e 2017 (aplicables desde o 1 de xullo de 2017), cun incremento do 2,6 % en todos os conceptos salariais.

Unha vez comprobadas as táboas salariais, que se xuntan á presente acta, apróbanse por unanimidade.

Ambas as partes acordan dar traslado da presente acta ao Consello Galego de Relacións Laborais para que, na persoa que eles designen, se encargue do rexistro e publicación do presente acordo no boletín oficial correspondente.

CVE-DOG: uakdgbv2-iaz7-k755-2uy8-ucoxnn6nac86



Asinan a presente acta as persoas asistentes á xuntanza, que representan as organizacións asinantes do convenio colectivo de referencia, ás 17.30 horas da data reflectida no encabezamento.

Trasporte Lugo

	2015			2017		
	Diario	Mensual	Anual	Diario	Mensual	Anual
Grupo I						
Xefe de servizo		1.534,63	23.019,45		1.574,53	23.617,96
Inspector principal		1.367,77	20.516,55		1.403,33	21.049,98
Enxeñeiro e licenciado		1.425,15	21.377,25		1.462,20	21.933,06
Enxeñeiro técnico		1.138,39	17.075,85		1.167,99	17.519,82
ATS		1.058,40	15.876,00		1.085,92	16.288,78
Grupo II						
Xefe de Sección		1.173,09	17.596,35		1.203,59	18.053,86
Xefe de Negociado		1.103,54	16.553,10		1.132,23	16.983,48
Oficial 1ª		1.046,39	15.695,85		1.073,60	16.103,94
Oficial 2ª		1.003,46	15.051,90		1.029,55	15.443,25
Auxiliar administrativo		997,83	14.967,45		1.023,77	15.356,60
Grupo III						
Xefe de estación de 1ª		1.207,88	18.118,20		1.239,28	18.589,27
Xefe de estación de 2ª		1.161,50	17.422,50		1.191,70	17.875,49
Xefe de administración 1ª		1.210,57	18.158,55		1.242,04	18.630,67
Xefe de administración 2ª		1.161,50	17.422,50		1.191,70	17.875,49
Xefe de administración		1.119,45	16.791,75		1.148,56	17.228,34
Vendedor de billetes		978,38	14.675,70		1.003,82	15.057,27
Factor	32,99		15.010,45	33,85		15.400,72
Encargado de consigna		978,38	14.675,70		1.003,82	15.057,27
Repartidor de mercadoría	32,45		14.764,75	33,29		15.148,63
Mozo	32,45		14.764,75	33,29		15.148,63
Xefe de tráfico de 1ª		1.216,52	18.247,80		1.248,15	18.722,24
Xefe de tráfico de 2ª		1.161,50	17.422,50		1.191,70	17.875,49
Xefe de tráfico de 3ª		1.115,14	16.727,10		1.144,13	17.162,00
Inspector	35,28		16.052,40	36,20		16.469,76
Conductor	35,1		15.970,50	36,01		16.385,73



	2015			2017		
	Diario	Mensual	Anual	Diario	Mensual	Anual
Conductor perceptor	35,1		15.970,50	36,01		16.385,73
Cobrador	32,64		14.851,20	33,49		15.237,33
Encargado xeral de 1ª		1.207,88	18.118,20		1.239,28	18.589,27
Encargado xeral de 2ª		1.161,50	17.422,50		1.191,70	17.875,49
Encargado almacén		1.115,16	16.727,40		1.144,15	17.162,31
Engraxador lavacoches	32,46		14.769,30	33,30		15.153,30
Guarda de día	32,46		14.769,30	33,30		15.153,30
Guarda de noite	32,46		14.769,30	33,30		15.153,30
Mozo de taller		1.207,88	18.118,20		1.239,28	18.589,27
Encargado 1ª		1.207,88	18.118,20		1.239,28	18.589,27
Encargado 2º		1.161,50	17.422,50		1.191,70	17.875,49
Engraxador	32,46		14.769,30	33,30		15.153,30
Mozo de servizo	32,46		14.769,30	33,30		15.153,30
Grupo IV						
Xefe de taller		1.253,04	18.795,60		1.285,62	19.284,29
Encargado		1.101,83	16.527,45		1.130,48	16.957,16
Encargado almacén		1.036,67	15.550,05		1.063,62	15.954,35
Xefe de equipo	36,75		16.721,25	37,71		17.156,00
Encargado xeral		1.080,89	16.213,35		1.108,99	16.634,90
Oficial 1ª condutor	35,61		16.202,55	36,54		16.623,82
Oficial 2ª	34,12		15.524,60	35,01		15.928,24
Oficial 3ª	33,01		15.019,55	33,87		15.410,06
Mozo de taller	32,14		14.623,70	32,98		15.003,92
Aprendiz		SMI				
Grupo V						
Cobrador de facturas		972,81	14.592,15		998,10	14.971,55
Telefonista		972,81	14.592,15		998,10	14.971,55
Porteiro		972,81	14.592,15		998,10	14.971,55
Vixilante		972,81	14.592,15		998,10	14.971,55
Recepcionista	32,64		14.851,20	33,49		15.237,33
Limpidor/a	4,44 €/hora			4,56		
Auxiliar en ruta	23,98		10.910,90	24,60		11.194,58



	2015	2017
Complemento presenza	103,48	106,17
Complemento transporte	43,77	44,91
Axuda de custo completa serv. regulares	37,94	38,93

Detalle.

	2015	2017
Comida	11,93	12,24
Cea	11,93	12,24
Pernoita	14,08	14,45
Axuda de custo completa serv. discreción	69,98	71,80

Detalle.

	2015	2017
Comida	20,05	20,57
Cea	20,05	20,57
Pernoita	29,80	30,57
Axuda de custo estranxeiro (escp. Porto)	90,47	92,82

	2015	2017
Comida	27,14	27,84
Cea	27,14	27,84
Pernoita	36,21	37,15

Quebrantamento moeda:

	2015	2017
Manexo fondos ata 1.502,53	24,68	25,32
Manexo fondos desde 1.502,54	27,04	27,74

Acta da comisión delegada da provincia de Ourense

En Ourense, ás 17.00 horas do 10 de outubro de 2017, reúnese na Confederación Empresarial de Ourense, sita na praza das Damas, 1, a comisión delegada de ámbito provin-



cial creada pola Mesa galega do sector de transporte de viaxeiros por estrada, para asinar o acordo acadado o pasado día 31 de xullo para aplicar as táboas do Convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Ourense. Asisten:

Parte empresarial:

Orencar	Orentras	Asoc. Provincial de Viaxeiros por Estrada de Ourense
Jesús Vázquez Piña DNI 34960511-M	Julio Álvarez Álvarez DNI 34995855-K	Manuel Maneiro López DNI 33218912-N

Parte social:

UGT	UGT	CC.OO.
José Cachaldora Álvarez DNI 34951480-J	Rogelio Cibeira Fernández DNI 34951480-J	Amador González Pumar DNI 34950897-M

O día 31 de xullo, as organizacións comparecentes chegaron ao acordo de incrementar desde o 1 de xullo, todos os conceptos salariais do Convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Ourense na contía do 2,6 %. En cumprimento do antedito acordo, asinan a actualización dos conceptos salariais resultante de aplicar esta porcentaxe.

Táboa salarial (que se aboará desde o 1 de xullo de 2017)

Grupos e categorías profesionais	Salario base	Gratificación actividade
Grupo I. Persoal superior e técnico		
Xefe/a de servizo	1.157,76 €	4,87
Enxeñeiros/as e licenciados/as	1.136,90 €	4,87
Enxeñeiro/a técnico e aux. titulado/a	1.062,68 €	4,87
ATS	1.062,68 €	4,87
Xefe/a de Sección	851,16 €	4,87
Xefe/a de Negociado	847,85 €	4,87
Oficial de 1ª	844,25 €	4,87
Oficial de 2ª	822,20 €	4,87
Auxiliar administrativo	827,06 €	4,87
Aspirante	827,06 €	4,87



Grupos e categorías profesionais	Salario base	Gratificación actividade
Grupo III. Persoal de movemento		
Xefe de estación 1ª	851,17 €	4,87
Xefe de estación 2ª	839,70 €	4,87
Xefe de administración 1ª	851,16 €	4,87
Xefe de administración en ruta	844,25 €	4,87
Empregado despacho billetes	839,68 €	4,87
Factor	839,68 €	4,87
Grupo IV. Transporte de viaxeiros en autobuses e microbuses		
Xefe de tráfico de 1ª	851,17 €	4,87
Xefe de tráfico de 2ª	851,17 €	4,87
Xefe de tráfico de 3ª	839,69 €	4,87
Inspector	27,51 €	4,87
Condutor-chofer	27,51 €	4,87
Condutor-perceptor	27,51 €	4,87
Cobrador	27,51 €	4,87
Grupo V. Persoal de servizos de talleres e auxiliares		
Xefe/a de taller	851,32 €	4,87
Encargado/a contramestre	840,02 €	4,87
Encargado/a xeral	840,02 €	4,87
Encargado/a almacén	840,02 €	4,87
Xefe/a de equipo	27,75 €	4,87
Auxiliar en ruta	22,09 €	4,87
Oficial de 1ª	27,75 €	4,87
Oficial de 2ª	27,48 €	4,87
Oficial de 3ª	26,92 €	4,87
Condutor/a mecánico	27,88 €	4,87
Mozo de taller	26,78 €	4,87
Aprendiz de primeiro ano	lexislación	aplicable
Aprendiz de 2º ou 3º ano	lexislación	aplicable
Grupo VII. Persoal subalterno		
Cobrador de facturas	811,93 €	4,87
Telefonista	811,93 €	4,87
Porteiro/a	811,93 €	4,87
Vixilante	811,93 €	4,87
Limpador/a	811,93 €	4,87



Artigo 29. *Axudas de custo*

Servizos regulares, regulares especiais e líneas: a axuda de custo completa é de 33,52 euros desagregadas da seguinte forma:

Comida: 11,17 euros.

Cea: 10,30 euros.

Pernoita: 12,03 euros.

Servizos discrecionais: a axuda de custo completa para todo o territorio español e Portugal é de 43,01 euros, desagregados da seguinte forma:

Comida: 12,90 euros.

Cea: 12,90 euros.

Pernoita: 17,21 euros.

– Para o estranxeiro salvo Portugal, a axuda de custo completa é de 60,22 euros.

Artigo 38. *Gratificación polo transporte de correos: 0,41 euros*

Por último, os asinantes delegan en Ignacio Bouzada Gil, funcionario do Consello Galego de Relacións Laborais, para que realice os trámites e xestións oportunos, para o depósito, rexistro e publicación deste acordo.

Acta de sinatura das táboas salariais do Convenio colectivo de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra

En Vigo, ás 17.30 horas do día 20 de setembro de 2017, reúnenos nos locais de UGT as persoas relacionadas a continuación para asinar as táboas salariais para o ano 2017 do Convenio colectivo de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra.

Pola parte patronal:

Alejandro Cuíña Souto	52498328T	Apotrans
Leandro Arruti Baqueiro	76820804E	Pontecar-Transgacar
Fidel Martínez Gil	34626070F	Anetra
Celso Rodríguez Reñones	36102782G	Fegatravu



Pola parte social:

Miguel Ángel Reboiras Casais	33293821X	UGT
Enrique Iglesias Pazos	35279037G	UGT
Carlos Díaz Álvarez	34250039A	UGT
Benigno Caride Táboas	36031548R	CC.OO.
Domingo Cruces Souto	36036677R	CC.OO.
José Luis Castro Rúa	34939883P	CC.OO.
Carlos Martínez Lamosa	35299021R	CIG
Silverio Antela Alfaya	35561133M	CIG

Acordos:

- Unha suba salarial do 3,8 % con carácter retroactivo desde o 1 de xullo de 2017
- Autorizar o persoal do Consello Galego de Relacións Laborais para o seu rexistro e publicación.

Sen máis asuntos que tratar, ás 18.00 horas dáse por finalizada a reunión.

Viaxeiros Pontevedra-Táboas 2016 e 2017
Aplicables desde o 1 de xullo de 2017
Suba 3,8 %

		Salario base
Grupo I		
Persoal superior e técnicos	Subgrupo A)	
	I. Xefe de servizo	1.436,89 €
	II. Inspector principal	1.257,26 €
	Subgrupo B)	
	I. Enxeñeiros e licenciados	1.319,02 €
	II. Enxeñeiros técnicos e aux. titulados	1.010,32 €
	III. Axudantes técnicos sanitarios	920,56 €
Grupo II		
Persoal administrativo	I. Xefe de Sección	1.099,02 €
	II. Xefe de Negociado	1.020,52 €
	III. Oficial de primeira	950,79 €
	IV. Oficial de segunda	871,47 €
	V. Auxiliar administrativo	826,62 €



		Salario base
Grupo III		
Persoal de movemento	Subgrupo A) Estacións ou administracións:	
	Sección 1ª. Persoal de estacións:	
	Clase 1ª	
	I. Xefe de estación de primeira	1.085,20 €
	II. Xefe de estación de segunda	1.035,23 €
	Clase 2ª	
	I. Xefe de administración de primeira	985,37 €
	II. Xefe de administración de segunda	844,21 €
	Clase 3ª	
	I. Xefe de administración en ruta	844,21 €
	II. Vendedores de billetes	844,21 €
	III. Factor	844,21 €
	IV. Encargado de consigna	844,21 €
	V. Repartidor de mercadorías (salario diario)	28,01 €
	VI. Mozo (salario diario)	28,01 €
	Subgrupo C) transporte de viaxeiros en autobuses e trolebuses interurbanos. Subgrupo D) Transporte de viaxeiros en autobuses urbanos:	
	I. Xefe de tráfico de primeira	1.085,20 €
	II. Xefe de tráfico de segunda	1.035,23 €
	III. Xefe de tráfico de terceira	985,37 €
	IV. Inspector (salario diario)	31,18 €
	V. Conductor (salario diario)	31,04 €
	VI. Conductor-perceptor (salario diario)	31,04 €
	VII. Cobrador (salario diario)	26,43 €
	VIII. Azafata	850,66 €
Grupo IV		
Persoal de talleres		
	I. Xefe de taller	1.189,30 €
	II. Encargado ou contramestre	1.018,54 €
	III. Encargado xeral	995,02 €
	IV. Encargado de almacén	956,64 €
	V. Xefe de equipo (salario diario)	34,02 €



		Salario base
	VI. Oficial de primeira (salario diario)	32,69 €
	VII. Oficial de segunda (salario diario)	31,29 €
	VIII. Oficial de terceira (salario diario)	30,06 €
	IX. Mozo de taller (salario diario)	26,83 €
	X. Traballadores en formación	Segundo artigo 36 convenio
Grupo V		
Persoal subalterno		
	I. Cobrador de facturas	788,04 €
	II. Telefonista	788,04 €
	III. Porteiro	788,04 €
	IV. Vixilante	788,04 €
	V. Limpadora (salario por hora)	3,11 €
	VI. Mozo de 16 e 17 anos	SMI segundo idade
Outros conceptos	Axuda de custo Galicia completa	43,99 €
	Detalle:	11,99 €
	Comida	11,99 €
	Cea	20,01 €
	Pernoita	
	Axuda de custo territorio nacional e Portugal	52,80 €
	Detalle:	
	Comida	14,40 €
	Cea	14,40 €
	Pernoita	24,00 €
	Axuda de custo resto países europeos	96,77 €
	Detalle:	
	Comida	26,39 €
	Cea	26,39 €
	Pernoita	44,01 €
	Axuda de custo adicional art. 12 (por día)	3,57 €
	Axuda de custo almuerzo art. 12	3,16 €
	Complemento distancia (por día efectivo)	0,91 €
	Axuda de custo adicional art. 14	3,27 €



		Salario base
	Quebrantamento de moeda	1,11 €
	Complemento de circulación	2,02 €
	Complemento art. 15	33,72 €

